



É Agamar quen inicia o proceso coa interposición dunha denuncia

A Fiscalía de Santiago presenta unha querela criminal contra o presidente da Federación galega de confrarías de pescadores por presunto delito de malversación de caudais públicos

A contía presuntamente defraudada supera os 103.000 euros

O pasado 15 de novembro de 2011 a Asociación Galega de Mariscadoras/es (Agamar) presentou denuncia ante a Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza con copia das contas anuais presentadas pola Federación galega de confrarías de pescadores de varios exercicios nos que viña a reflexar a autopercepción por parte do seu presidente, Benito González Sineiro, da cantidade de 103.737,13 euros en concepto de retribución. Dita remuneración está expresamente prohibida pola normativa galega que regula ás confrarías e as súas federacións provinciais e galega ao proclamar o principio xeral da gratuidade, profesionalidade e austeridade no desempeño dos cargos representativos destas entidades, fóra de cobro de indemnizacións ou gastos concretos e detallados que deriven directamente do servizo.

Agamar esixira, previamente, da Consellería do Mar que investigase a esta Federación e ao seu presidente pola disposición de caudais públicos e retribucións dinerarias sen que ata a data haxa constancia nin da devolución do montante económico nin da apertura de expediente informativo algún.

Ademais, para reforzar a absoluta discrecionalidade na disposición de fondos públicos, achegáronse á Fiscalía gravacións de Benito González Sineiro efectuadas ante os socios da entidade que recoñecían dito actuar defraudador. E tamén se entregaron á Fiscalía documentos demostrativos do presunto cobro indebido de contías económicas en prexuízo da entidade cambadesa, así como, extracto dunha conta bancaria, da que o mesmo era titular xunto con outras dúas persoas, de importantes movementos dinerarios pertencentes á actividade da confraría de pescadores, como denunciaron numeros socios ante o Consello de contas e ante a propia Axencia tributaria, e que estaba á marxe da contabilidade da entidade na inspección realizada polo Tribunal de contas de Galicia.

Á luz destes datos, e atendendo á normativa sectorial imposta para as confrarías de pescadores en Galicia, sumado ao feito de que se ten pleno coñecemento das contas da Federación pola Xunta de Galicia, resulta inaudito o silencio, a complicidade e a irresponsable permisividade manifestada durante estes anos pola Consellería do Mar con este irregular proceder do presidente galego das confrarías de pescadores, un cargo que, legalmente, debería ser gratuíto e, sobre todo, cando é esta consellería a que, principalmente, vén financiando á Federación galega de confrarías de pescadores con importantes sumas a cargo do Orzamento xeral da Xunta.

A única resposta pública da titular da Consellería do Mar foi, como denunciou recentemente Agamar, o intento de modificar a regulación das confrarías de pescadores para intentar “legalizar” a situación do presidente facendo desaparecer do articulado do futuro decreto de confrarías a prohibición de percepción de salario polos patróns maiores e presidente da Federación galega de confrarías.

Agora, foi a Fiscalía de Santiago, atendendo ás denuncias e contundentes probas presentadas por Agamar, a que se querela contra Benito González Sineiro por un presunto delito de malversacion de caudais públicos ante o Xulgado de instrución nº un da capital galega.

Agamar personarase en devandita causa criminal como acusación e non descarta a ampliación na imputación dos feitos criminais, imputados inicialmente ao presidente da Federación galega de confrarías de pescadores de Galicia, vogal da Federacion nacional de confrarías de pescadores de Galicia de España, patrón maior da confraría de pescadores San Antonio de Cambados e vogal da Autoridade portuaria de Vilagarcía de Arousa, contra todos aqueles que foron coñecedores destes feitos e ou ben participaron directamente ou ben permitiron que sucedesen sen exercer as competencias administrativas que lles correspondían por razón dos seus cargos públicos.

Persoa de contacto: Alberto Muñoz 609952793.